

Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

ACTA PLENO DE CONSTITUCIÓN

Acta aprobada na sesión plenaria do 16/12/2015

Data	21/10/2015		
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.		
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	19:20h
Asisten	• Presidente, Olga Alonso Suárez • Vicepresidente, Antonio Vázquez Vázquez • Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias • Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez - Sector docente: • Antonio Madrid Riquez • Eugenio de la Iglesia Delgado • Anxos Collazo Trigo • Santiago Rodríguez Sánchez • Rafael Dominguez de la Iglesia • Eudosia Deza Soto • Ángeles Crespo Fuster • José Casas Freire - Sector usuarios/as: • Mª Jesús Granja Pereira • Mª Bertila Fernández Pérez • Mª del carmen Rivas Corbacho • Luisa Rivas García • Yolanda González Larrañaga • Juan Fernández Penas en representación de Fernando Vázquez • Alberto Prado Lechuga • Yvonne Bouzas Casas • Hadriana Prado Lorenzo - Sector social: • Esperanza Dacosta Dapena • Carlos Bacelo Bacelo • Xabier Pérez Igrexas • Jose manuel Rodríguez Lago • Javier Sánchez Álvarez • José Luis Sanz Escribano • Antonio Vázquez Vázquez • Candido Cabaleiro Paz		
Escusan asistencia	• Sector docente: Xesús Rodríguez Amil • Sector usuarios/as: Goretti González Lago		
Non asisten	• Sector docente: Purificación Bernárdez Álvarez • Sector social: Isabel López Lorenzo • Sector social: Mª Teresa García Durán		
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila(Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV).		

Orde do día

1. Benvida do Alcalde.
2. Lectura e aprobación das actas anteriores, se procede.
3. Aprobación da Memoria Anual de Actividade do CEMV 2014- 2015.
4. Constitución do Pleno do CEMV.
5. Nomeamento do/a Vicepresidente/a do CEMV.
6. Elección dos membros das comisións de traballo e dos/as vogais da Comisión Permanente.
7. Propostas de actuacións para o CEMV.
8. Rolda de preguntas.

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1.-Benvida do Alcalde.

A Concelleira de Educación, Olga Alonso, informa de que estaba previsto que asistira o Alcalde á sesión de constitución do órgano pero explica que lle xurdiu un compromiso inaprazable polo que lle pediu que transmitira aos presentes as súas desculpas e o seu total apoio a esta nova etapa do CEMV.

2.-Lectura e aprobación das actas anteriores, se procede e 3.- Aprobación da Memoria Anual de Actividade do CEMV 2014- 2015.

O secretario explica que, aínda que non é o procedemento habitual para a sesión de constitución, quedaron dúas actas das sesións anteriores e a memoria anual de actividade 2014-2015 sen aprobar. Estes documentos tíñanse que ter aprobado nun “Pleno escoba” que non chegou a celebrarse. Por isto, tomouse a decisión de incluílas na orde do día desta sesión co fin de deixalas aprobadas e de que ao mesmo tempo lles serviran aos novos membros para poñerse ao día. Pregunta entón se algún dos presentes quere facer algunha modificación nos anteditos documentos. Non habendo cambios, procédese á votación.

Acordos adoptados

Apróbanse as actas das sesións anteriores e a memoria anual de actividade 2014-2015 con 21 votos a favor e 4 abstencións.

4.- Constitución do Pleno do CEMV.

Pedro M^a Vázquez preséntase e indica que el, como técnico do Servizo de Educación que é, foi nomeado secretario do órgano pola Concelleira de Educación. Indica que para que a sesión de constitución sexa válida, precísase que estean presentes dous terzos dos integrantes. Posto que hai quórum considérase validamente constituído este Consello.

O secretario continúa explicando que segundo o artigo 10 do regulamento, o presidente do CEMV será o Alcalde ou o membro da Corporación Local responsable da área de Educación en quen delegue. Neste caso a Presidenta do CEMV será a Concelleira de Educación Olga Alonso Suárez por delegación do Alcalde. Asemade informa de que un dos membros que compoñen o sector social ten que ser un/ha especialista, de recoñecido prestixio en temas educativos, que propondá o alcalde. Neste caso informa de que a persoa proposta é Antonio Vázquez Vázquez.

Pedro M^a Vázquez lembra que para chegar ata aquí se levou a cabo un proceso de renovación que comezou en xaneiro e culminou a principios deste curso co acordo de nomeamento por parte do Pleno do Concello dos membros do sector social.

**Anéxanse ao final da acta o resumo do proceso de renovación, o decreto de delegación da Presidencia e os decretos de nomeamento do sector social, secretario e asesor especialista en educación.*

Toma a palabra a Presidenta para agradecer a presenza e participación a todos. Para ela este é un foro moi importante para a cidade de Vigo, cidade que cre e aposta totalmente pola educación. Comenta que para traballar polo ensino é importante ter en conta a visión de tódolos sectores aquí representados. Manifesta a súa satisfacción e alegría ao ver que se incorpora o alumnado novamente ao órgano, xa que pensa que eles son un dos pilares básicos do sistema educativo. Explica que se fixo un traballo importante para que hoxe estean aquí pero que está segura de que mereceu a pena. O feito de que todos estean aquí dispostos a traballar con consenso, e conseguir pórse de acordo en algo tan importante como a educación, é un gran paso para a cidade. O que se pretende e que Vigo sexa unha cidade educadora, polo que son importantes todas as achegas e visións.

O secretario convida agora a tódolos membros a presentarse indicando a que institución representan.

Feito isto, Pedro M^a Vázquez lémbrale aos presentes cales son as funcións e competencias do CEMV, indicándolles que o regulamento do órgano xa lles foi enviado aos presentes.

5.- Nomeamento do/a Vicepresidente/a do CEMV.

De acordo co artigo 11.1, a Presidenta propón como vicepresidente ao recentemente nomeado asesor en materia educativa Antonio Vázquez Vázquez. Sométese a votación de todo o Pleno.

Acordos adoptados

Acórdase nomear a Antonio Vázquez Vázquez vicepresidente por unanimidade.

6.- Elección dos membros das comisións de traballo e dos/as vogais da Comisión Permanente.

O secretario explica que na actualidade existen dúas comisións de traballo no seo do Consello Escolar Municipal e que estas estarán formadas por tres membros, pertencentes a cada un dos tres sectores. De entre estes, os propios membros, deben elixir ao presidente/a, secretario/a e vogal das comisións. Poden formar parte dela ademais destes, tantos membros como o desexen pero con voz e sen voto. Pídelles aos membros de cada sector que se reúnan elixindo cales serán os membros que aporte cada sector ás comisións de traballo. De entre estes nomearán aos diferentes cargos. Tras un receso de 15 minutos, os membros dos diferentes sectores irán comunicando cales son os representantes elixidos. O resultado deste proceso é o que segue:

Comisión de Equipamentos e de Planificación	
Cargo	Nome
Presidenta	Esperanza Dacosta Dapena
Secretario	Santiago Rodríguez Sánchez
Vogal	María del Carmen Rivas Corbacho
Representantes con voz e sen voto	
Sector docente	José Casas Freire
Sector usuarios/as	Fernando Vázquez González
Sector usuarios/as	Alberto Prado Lechuga
Sector social	Xabier Pérez Igrexas
Membro nato	
Vicepresidente	Antonio Vázquez

Comisión Pedagógica e de Innovación Educativa	
Cargo	Nome
Presidente	Eugenio de la Iglesia Delgado
Secretaria	José Manuel Rodríguez Lago
Vogal	Yolanda González Larrañaga
Representantes con voz e sen voto	
Sector docente	Rafael Domínguez de la Iglesia
Sector usuarios/as	María Jesús Granja Pereira
Sector usuarios/as	M ^a Bertila Fernández Pérez
Sector usuarios/as	Luisa Rivas García
Sector usuarios/as	Yvonne Bouzas Casas
Sector usuarios/as	Hadriana Prado Lorenzo
Sector usuarios/as	Nicolás Fernández Chantada
Sector social	Cándido Cabaleiro Paz
Membro nato	
Vicepresidente	Antonio Vázquez

Unha vez definida a composición das comisións de traballo, xa se pode establecer cal será a composición da Comisión Permanente, xa que dous dos seus membros son os presidentes de cada un dos mencionados grupos de traballo. O resto dos compoñentes serán a presidenta, o vicepresidente e o secretario do Consello así como un membro representando a cada sector. Así, os compoñentes da Comisión Permanente serán:

Comisión permanente	
Cargo	Nome
Presidenta	Olga Alonso Suárez
Vicepresidente	Antonio Vázquez
Secretario	Pedro Vázquez Iglesias
Vocal sector docente	Anxos Collazo Trigo
Vocal sector usuarios/as	M ^a Bertila Fernández Pérez
Vocal sector social	Xabier Pérez Igrexas
Presidente da comisión pedagóxica	Eugenio de la Iglesia Delgado
Presidenta da comisión de equipamentos	Esperanza Dacosta Dapena

Tras este proceso considérase validamente constituída a Com. Permanente. O secretario explica que as Comisións de traballo son comisións abertas e son susceptibles de que se incorpore a elas calquera membro do consello máis adiante. A Concelleira agradécelles que fixeran este primeiro exercicio de consenso e fosen quen de deixar as comisións organizadas internamente.

7.- Propostas de actuacións para o CEMV.

O secretario explica que cando se enviou a ficha de recollida de datos a tódolos membros se solicitou que cada representante indicase os temas sobre os que teñen máis inqueda para traballar nesta nova etapa. A seguir, fai un resumo das diferentes temáticas recollidas nestas fichas:

A dinamización do galego; a convivencia nos centros educativos; a formación en habilidades sociais; as campañas de concienciación cidadá: reciclaxe, educación viaria; deportes; conciliación da vida laboral e familiar; actividades relacionadas co ensino artístico, musical e escénico; a atención á diversidade; formación do profesorado, das familias e do alumnado; a integración de persoas con discapacidade; a eliminación de barreiras arquitectónicas; a necesidade de persoal de apoio, coidadores; creación de escenarios de protección ao menor no ámbito educativo; os servizos complementarios, transporte, comedores; as actividades complementarias e extraescolares; a adquisición de libros e materiais didácticos; cambios relacionados coa nova reforma educativa; necesidade de implicación das familias no proceso educativo; relacións do ámbito familia, escola, administración; autonomía dos centros educativos e a colaboración entre diversas institucións; fracaso e absentismo escolar; relevancia da FP e a educación para o emprego; a situación do profesorado; o recoñecemento social e as condicións laborais; a autoridade; a oferta de prazas de Escolas infantil; os postos escolares da rede pública no casco urbano de Vigo; o mantemento dos centros, instalacións e equipamentos.

Dito isto, o secretario informa de que o réxime de xuntanzas plenarias é trimestral e que existe a intención de que a principios de decembro se celebre un Pleno que será tecnicamente a primeira sesión de traballo, xa que está é unha sesión constitutiva. Explica que segundo os datos de dispoñibilidade recollidos nas mencionadas fichas, os días elixidos maioritariamente para as xuntanzas son os mércores e xoves pola tarde. Lémbrales asemade que están á súa disposición as instalacións do IME para posibles reunións dos grupos de traballo, para o que terán que solicitar o espazo a través da asistencia técnica.

8.- Rolda de preguntas.

Santiago Rodríguez ten un rogo para que a Concelleira llo transmita ao Pleno Municipal. Comenta que xa no curso anterior, o Concello informou de que o espazo onde estaba o Colexio Clunny se pensaba destinar a un centro de maiores. Cre que

sería interesante ver como está este proxecto xa que na actualidade se está producindo unha liberación de espazos que ata agora usaba o SERGAS. Agora quedan baleiros edificios que son do INSS e que se poden usar como centros de maiores, deixando ao espazo de Cluny para uso educativo, tan necesario no centro da cidade. Olga comenta que o consultará, pero pensa que este lugar é privado, co que eles non poderían decidir que se vai facer, e que a día de hoxe está catalogado como chan de uso asistencial. Santiago di que en todo caso, é o Concello quen ten que dar a autorización de cambio de uso para que o proxecto se poida levar adiante. Juan Enrique, representante de Surgapa, comenta que Cluny pertencía a Abanca e que foi vendido a unha entidade privada. Pensa que o cambio de uso xa se levou a cabo no Concello, xa que de non ser así a empresa que mercou a finca non o tivera feito. Olga queda de preguntar sobre a situación deste proxecto e comentalo no próximo Pleno.

Bertila Fernández quere aproveitar para darlle parabéns a todos pola constitución deste novo Pleno e darlle a benvida especialmente aos estudantes, que se botaba moito en falta a súa presenza. Comenta que está segura de que van aportar unha visión moi interesante e necesaria para este órgano. Asemade quere darlle a benvida aos compañeiros de SURGAPA. Explica que a intención de FOANPAS é traballar con todos eles en sana convivencia, e esforzarse en crear consenso sobre todo nestes tempos tan convulsos para a educación.

A Presidenta agradece a presenza a todos e sen máis temas que tratar, remata a sesión ás 19:20h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Olga Alonso Suárez

Anexase a seguinte documentación:

- Proceso de nova constitución e renovación
- Delegación Presidencia
- Nomeamento Especialista
- Nomeamento Vogais sector social
- Decreto nomeamento Secretario

PROCESO DE NOVA CONSTITUCIÓN E RENOVACIÓN DE REPRESENTANTES AO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV)

Marzo-Maio 2015

O presente documento ten por obxecto definir as actuacións desenvolvidas no proceso de nova constitución e renovación de representantes do CEMV.

1. Marco legal

O Regulamento orgánico de organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal do Concello de Vigo, aprobado con data de 25 de xaneiro de 2010 (Boletín Oficial de Pontevedra, nº 37, de 24 de febreiro de 2010), establece o seguinte proceso de constitución do CEMV nas súas disposicións adicionais:

- A convocatoria e presidencia da *sesión constitutiva* do CEMV será efectuada polo alcalde do Concello de Vigo ou concelleiro da área de educación en quen delegue.
- O Concello de Vigo publicará na súa páxina web, previa comunicación do secretario do CEMV, os nomes dos concelleiros en cada período de mandato, co obxecto de fomentar a transparencia e dar cumprimento ao principio de información á cidadanía.

Os membros do CEMV o son en representación dun sector. Segundo o artigo 6 do regulamento, son concelleiros/as do CEMV, os seguintes:

1. O/A presidente/a do CEMV.
2. O/A secretario/a do CEMV.
3. Un/unha funcionario/a público nomeado pola Administración educativa da Xunta de Galicia.
4. Trinta vogais, agrupados nos seguintes sectores.
 - a. Sector docente: Dez profesores/as dos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario de Galicia propostos polos sindicatos ou asociacións profesionais educativas, proporcionalmente á representación obtida nas eleccións sindicais do sector docente, no municipio, distribuídos da seguinte forma:
 - Seis profesores pertencentes a centros públicos.
 - Catro profesores pertencentes a centros privados.
 - b. Sector de usuarios/as do Sistema Educativo:
 - Tres pais ou nais de alumnos/as propostos pola federación de asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos que actúe no municipio e estean legalmente constituídas, segundo a súa representatividade. Esta representatividade estará en función do número de centros que agrupe.
 - Tres pais ou nais de alumnos/as propostos pola federación de asociacións de pais de alumnos/as de centros privados que actúe no municipio e estean legalmente constituídas, segundo a súa representatividade. Esta representatividade estará en función do número de centros que agrupe.
 - Catro alumnos/as elixidos/as polos representantes dos alumnos/as nos consellos escolares dos centros existentes no municipio.
 - c. Sector social: Dez membros elixidos por acordo do Concello Pleno, de entre as seguintes categorías de profesionais:
 - Dous directores/as de centros públicos, que serán propostos polas asembleas de directores/as, de primaria e secundaria, dos colexios públicos e institutos de Vigo.
 - Un representante das centrais sindicais, que non estea vinculado ao ámbito educativo, a proposta dos sindicatos máis representativos.

- Un representante de asociacións de empresarios/as, que non estea vinculado ao sector educativo, a proposta da Confederación de Empresarios/as de Vigo.
- Un representante das asociacións de persoas con discapacidade, a proposta da Federación máis representativa deste ámbito en Galicia.
- Unha persoa titular de centros privados, a proposta da Asociación de centros privados.
- Un especialista, de recoñecido prestixio, en temas educativos, a proposta do alcalde.
- Un representante das asociacións de veciños/as que actúen no municipio de Vigo, legalmente constituídas, a proposta da Federación de Asociacións de Veciños de Vigo máis representativa.
- Unha representante a proposta do Consello Municipal da Muller.
- Un representante dos centros públicos de ensinanza artística, regradas ou non regradas, a proposta dos seus directores.

Así mesmo, establece que no nomeamento dos conselleiros e conselleiras deberá respectarse, na medida do posible, o criterio de paridade entre home e muller.

2. Sistema de eleccións das/os conselleiras/os

Diferéncianse tres tipos de elección:

1. *Por designación da entidade.* Afecta á representación de: docentes pertencentes aos centros públicos e privados, pais e nais de centros públicos e privados; directores/as de centros públicos; titular de centros privados; centrais sindicais; asociacións de empresarios; asociacións de persoas con discapacidade; asociacións de veciños/as; Consello Municipal da Muller; e á persoa especialista en temas educativos que neste caso é proposta polo Alcalde.
2. *Por consenso do sector.* Afecta á representación de centros públicos de ensinanza artística e a centrais sindicais.
3. *Por candidatura e elección.* Afecta á representación de alumnado.

3. Procesos de elección

3.1 Por designación

Diferéncianse dúas fases neste proceso. En primeiro lugar, a *solicitud de censos* de entidades dos diferentes sectores recollidos no regulamento, para identificar as máis representativas, e dos resultados das eleccións sindicais do ámbito docente.

Entidade	Solicitud	Resultados		
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Persoal Docente da Provincia de Pontevedra.	Resultados das eleccións sindicais do sector docente no municipio celebradas en decembro de 2014.	Sindicato	Docentes ensino público	Docentes ensino privado
		CCOO	1	2
		CIG	3	0
		FSIE	0	1
		UXT	1	1
		STEG	1	0
		Total	6	4

En segundo lugar, a *solicitud de representantes* no seo do CEMV, por correo postal certificado, ás seguintes entidades:

- CIG, UXT, FSIE, CC.OO e STEG (Rexistros de saída nº 10706, 10709, 10717, 10738 e 10743 de data 16/04/2015): docentes do ensino público e privado, segundo os resultados electorais.
- Foanpa (Rexistro de saída nº 10765 de data 16/04/2015): 3 pais/nais.
- Surgapa (Rexistro de saída nº 10699 de data 16/04/2015): 3 pais/nais.
- Asemblea de directores/as de primaria (Rexistro de saída nº 10724 data 16/04/2015): 1 representante.
- Asemblea de directores/as de secundaria (Rexistro de saída nº 10747 de data 16/04/2015): 1 representante.
- Confederación de Empresarios de Pontevedra (Rexistro de saída nº 10745 de data 16/04/2015): 1 representante non vinculado ao sector educativo.
- Asociación Provincial de Centros de Ensinanza non Estatal de Pontevedra (Rexistro de saída nº 10703 de data 16/04/2015): 1 representante de centros privados.
- CERMI-Galicia (Rexistro de saída nº 10721 de data 16/04/2015): 1 representante.

- Federación veciñal Eduardo Chao (Rexistro de saída nº 10713 de data 16/04/2015): 1 representante.
- Consello Municipal da Muller (Rexistro de saída nº 10711 de data 16/04/2015): 1 representante.
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xefe territorial de (Rexistro de saída nº 10716 de data 16/04/2015): 1 representante.

Estableceuse como data límite o 15 de maio de 2015, para remitir a información solicitada.

3.2 Por consenso

Definíronse dous procesos diferenciados:

- No caso da/o representante de centrais sindicais, non vinculada/o ao ámbito educativo: envío por correo postal certificado (Rexistros de saída nº 10715, 10734 e 10750 de data 16/04/2015): dunha carta aos tres sindicatos máis representativos (CIG, CC.OO e UXT) solicitando que, con data límite 15 de maio de 2015, remitan a proposta de consensuada representante.
- No caso dos centros públicos de ensinanza artística: convocatoria e celebración de reunión o 24 de abril de 2015 nas dependencias do Instituto Municipal de Educación (IME), cos directoras/es para a elección da/o representante.

3.3. Eleccións á representación de alumnado no CEMV

Definiuse o seguinte proceso electoral:

Elaboración do censo electoral do alumnado	- Envío dun escrito aos/as directores/as de centros de secundaria, públicos e privados, do concello de Vigo, solicitando os datos dos/as representantes de alumnos e alumnas nos concellos escolares de centro.
Presentación de candidaturas	- Envío de cartas informativas ao alumnado sobre o CEMV e o proceso electoral. Xunto coa carta, figurará a ficha tipo para presentar a candidatura. - Envío dunha carta informativa ao equipo directivo dos centros coa explicación do proceso electoral. - O equipo directivo será o encargado de remitir á Concellería de Educación as propostas de candidatura, de ser o caso. Para iso, facilítase un sobre con franqueo pagado. - Envío das candidaturas. - Exposición pública das candidaturas na web da Concellería de Educación e presentación de reclamacións. - Exposición pública das candidaturas definitivas e notificación aos/as candidatos/as.
Eleccións	- Envío das papeletas ao alumnado representante dos concellos escolares de centro, por correo certificado, e unha explicación do proceso de votación: - o Poderán elixir ata un máximo de 4 candidatas/os. - o Terán de prazo 2 días hábiles dende a recepción da papeleta. - o Deberán selar a papeleta na Dirección do seu centro. - o Será o equipo directivo do centro quen remita as papeletas á Concellería de Educación. - Recento de votos na Concellería de Educación. - Exposición pública dos resultados na páxina da Concellería de Educación.

3.4. Calendario proceso eleccións alumnado para o CEMV

27 febreiro – 10 de marzo 2015	- Envío cartas informativas equipos directivos - Solicitud de censos alumnado Consellos Escolares
13 ao 27 de marzo 2015	- Envío cartas informativas alumnado e equipos directivos - Elaboración do censo electoral do alumnado - Presentación de candidaturas alumnado
7 ao 26 de abril 2015	- Exposición pública candidaturas provisionais. - Periodo de reclamacións - Exposición pública candidaturas definitivas. - Notificación aos candidatos/as
27 e 28 de abril 2015	- Votacións nos centros de ensino dos representantes alumnado - Remisión papeletas votación ao servizo municipal educación
4 ao 8 de maio de 2015	- Recento de votos. - Exposición pública dos resultados.

3.5. Publicación web (www.cemv.vigo.org) resultados do proceso eleccións alumnado para o CEMV

Acaba de rematar o proceso de elección do alumnado representante no Consello Escolar Municipal de Vigo, no que estaban convocados alumnos e alumnas de todos os centros de secundaria sostidos con fondos públicos do

Concello de Vigo. Participou no proceso alumnado de 16 centros desde os que remitiron á Concellería de Educación 37 papeletas de votación. A seguir, móstrase o nome dos catro candidatos e candidatas que obtiveron maior número de votos e que por tanto foron elixidos para formar parte do sector usuarios:

NOME	CENTRO	CURSO	VOTOS RECIBIDOS
Alberto Prado Lechuga	IES Castelao	4º PDC	14
Yvonne Bouzas Casas	IES Álvaro Cunqueiro	4º ESO	11
Goretti González Lago	IES Valadares	3º ESO	9
Hadriana Prado Lorenzo	CPR Salesianos	3º ESO	9

O resto dos alumnos e alumnas candidatos pasarán a formar parte dunha lista de suplentes que se elabora cos seguintes fins:

1. Ocupar o lugar dalgún dos alumnos ou alumnas elixidos no caso de que causen baixa.
2. Ser os alumnos que farán de relevo ao cabo de 2 anos cando, segundo establece o regulamento, é preciso renovar este estamento por completo.

A continuación establece a lista de suplentes indicando o posto que ocupa cada un segundo o número de votos. Para os casos nos que houbo o mesmo numero de votos establecéronse os seguintes criterios de desempate:

1. Deuse prioridade ao alumno que ocupa maior nivel educativo.
2. Cando se deu a circunstancia de que obtiveron o mesmo número de votos estudantes do mesmo nivel educativo, seguiuuse o criterio de orde alfabética do apelido.

Orden de reserva	APELIDOS	NOME DO CENTRO	CURSO	VOTOS RECIBIDOS
1º	Nicolás Fernández Chantada	IES Castelao	1ºBACHARELATO	8
2º	Lois García Rodríguez	IES A Guía	3ºESO	8
3º	Adriana Saborido Núñez	CPR Apóstol Santiago	3ºESO	8
4º	Emily Wingstedt Meixoeiro	IES República Oriental do Uruguai	1º ESO	8
5º	Beatriz Rodríguez Meneses	IES de Teis	Ciclo Formativo de Grado Medio Sistemas Microinformáticos e Redes - SMR	7
6º	Ángel Román Méndez	IES do Castro	4ºESO	7
7º	Raúl Blanco Aguayo	IES Valadares	4ºESO	6

8º	Daniel Portela Otero	CPR Salesianos	3º ESO	6
9º	Alberto Valle Vázquez	CPR Monterrey	3ºESO	5
10º	David Vázquez Bande	CPR Quiñones de León	4ºESO	4
11º	Andrés Sampedro Camiña	CPR Bouza Brey	3ºESO	3
12º	Zaira Vázquez Bande	CPR Quiñones de León	2ºESO	2



Candidatura representante de alumnos/as no CEMV

Cumprimenta a seguinte ficha para presentar a túa candidatura ao CEMV

Nome	
Apelidos	
E-mail	
Teléfono	
Curso	
Nome do centro	

Unha vez cuberta a ficha de candidatura, deberás entregala na Dirección do teu centro, para que a selen e a envíen á Concellería de Educación.

Moitas grazas pola túa participación



Concello de Vigo

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria (agosto) do día **8 de setembro de 2015**, adoptou o seguinte acordo:

1.7(156).- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 26.07.15 DE DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 17221/332 (1149/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 26 de xullo de 2015 a Alcaldía ditou a seguinte Resolución,

"De conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, RD 2568/1986, do 28 de novembro, esta Alcaldía-Presidencia:

RESOLVE:

Primeiro.- Delegar na Concelleira Delegada da Área de Educación, dona OLGA ALONSO SUÁREZ, as atribucións precisas para a Presidencia do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).

Segundo.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data deste Decreto, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente se publicará na rede de Intranet do Concello ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.

Terceiro.- Da presente resolución deberá darse conta ó Pleno da Corporación na próxima sesión que realice, ó Consello Escolar Municipal e demais interesados.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e praxe do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo a quince de setembro do ano dous mil quince.

Am

Vº e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.





Concello de Vigo

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria (agosto) do día **8 de setembro de 2015**, adoptou o seguinte acordo:

3.1(138).- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DATA 26. 07.15 REFERENTE Á DESIGNACIÓN DUN ESPECIALISTA EN TEMAS EDUCATIVOS NO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 17225/332 (REXISTRO PLENO 1150/1101)

ANTECEDENTES.- A Alcaldía, en data 26.06.2015, emite a seguinte proposta:

“O Regulamento Orgánico de Organización e Funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV), que foi aprobado polo Pleno da Excm. Corporación en data 25 de xaneiro de 2010, no seu artigo 6, relativo á composición do CEMV, dispón que serán Conselleiros/as en representación do sector social “Dez membros elixidos por acordo do Concello Pleno, de entre as seguintes categorías de profesionais”, sinalando a continuación a representantes de distintos colectivos sociais, sendo estes colectivos os encargados de realizar a correspondente proposta.

Dentro de dito sector social recóllese a integración dun especialista, de recoñecido prestixio, en temas educativos, a proposta do Alcalde, polo que dentro das competencias regulamentariamente asignadas, veño en formular ó Pleno da Corporación a seguinte...”

A seguir o asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

A Comisión Informativa de Medio Ambiente, Festas, Turismo e Deportes, en data 1 de setembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Designar vogal do sector social do Consello Escolar Municipal (CEMV), con efectos do día seguinte ao do presente acordo, a D. ANTONIO VÁZQUEZ VÁZQUEZ, profesor do IES de Teis, como especialista de recoñecido prestixio en temas educativos pola súa dilatada experiencia docente, en cargos de responsabilidade de xestión educativa como a Dirección Xeral de FP, en labores de dirección no IES de Teis e movementos de renovación pedagóxica, participación activa en anteriores etapas do CEMV e polo recoñecemento do que goza na comunidade educativa da nosa cidade.

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e praxe do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo a once de setembro do ano dous mil quince.

Am

Vº e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.



14



Concello de Vigo

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria (agosto) do día **8 de setembro de 2015**, adoptou o seguinte acordo:

3.2(139).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DOS VOCAIS DO SECTOR SOCIAL DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 17226/332 (REXISTRO PLENO 1151/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 26 de xuño de 2015, o técnico do Servizo de Educación, co conforme da concelleira delegada de Educación, emite o seguinte informe proposta:

"O Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 25 de xaneiro de 2010, adoptou o acordo de aprobar definitivamente o Regulamento Orgánico de Organización e Funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo – CEMV (Expte. 10600/332) que foi publicado no BOP núm. 37 do 24 de febreiro de 2010.

No artigo 1º "Natureza" do citado Regulamento, defínese este órgano colexiado de ámbito municipal e de carácter consultivo, como unha peza básica para acadar unha eficaz instrumentalización da participación democrática de todos os sectores da comunidade educativa da nosa cidade. Igualmente nas súas disposicións adicionais establécese entre outros o seguinte proceso de constitución do CEMV:

- "Sesión constitutiva do CEMV": A convocatoria e presidencia sesión constitutiva do CEMV será efectuada polo Alcalde do Concello de Vigo ou Concelleiro/a da Área de Educación en quen delegue.

- "Publicidade dos cargos do CEMV": O Concello de Vigo publicará na súa páxina web, previa comunicación do secretario do CEMV, os nomes dos/as conselleiros/as en cada período de mandato, co obxecto de fomentar a transparencia e dar cumprimento ao principio de información á cidadanía.

O artigo 6.3 "Composición do CEMV", recolle que o mandato dos/as conselleiros/as será de catro cursos académicos, excepto os representantes dos/as alumnos/as, que será de dous cursos académicos. Tendo en conta que a sesión de constitución do CEMV tivo lugar en data 12 de maio de 2010, ten transcorrido a totalidade do mandato que determina o seu regulamento; polo que seguindo instrucións da Concelleira-Delegada de Educación iniciáronse as xestións e trámites oportunos para concretar o proceso de nova constitución e renovación de representantes deste órgano consultivo de participación democrática en materia de educación no ámbito municipal.

O Regulamento do CEMV, no seu Capítulo II "Competencias e composición", no seu artigo 6 "Composición do sector social do CEMV" recolle que o referido sector

estará integrado por dez membros elixidos por acordo do Pleno da Excma. Corporación Municipal, de entre as seguintes categorías de profesionais:

- Dous directores/as de centros públicos, que serán propostos polas asembleas de directores/as, de primaria e secundaria, dos colexios públicos e institutos de Vigo.
- Un representante das centrais sindicais, que non estea vinculado ao ámbito educativo, a proposta dos sindicatos máis representativos.
- Un representante de asociacións de empresarios/as, que non estea vinculado ao sector educativo, a proposta da Confederación de Empresarios/as de Vigo.
- Un representante das asociacións de persoas con discapacidade, á proposta da Federación máis representativa deste ámbito en Galicia.
- Unha persoa titular de centros privados, a proposta da Asociación de centros privados.
- Un especialista, de recoñecido prestixio, en temas educativos, a proposta do Alcalde.
- Un representante das asociacións de veciños/as que actúen no municipio de Vigo, legalmente constituídas, a proposta da Federación de Asociacións de Veciños de Vigo máis representativa.
- Unha representante a proposta do Consello Municipal da Muller.
- Un representante dos centros públicos de ensinanzas artísticas, regradas ou non regradas, a proposta dos seus directores/as.

Unha vez rematadas as tarefas de nova constitución e renovación de representantes deste Órgano Colexiado e recibidas comunicacións das persoas propostas polas distintas categorías profesionais que integran o sector social;

PROPONSE ao Pleno da Excma. Corporación Municipal adoptar o seguinte acordo...

A seguir o funcionario asinante formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

A Comisión Informativa de Medio Ambiente, Festas, Turismo e Deportes, en data 1 de setembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e



Concello de Vigo

seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

"Nomear vogais do sector social do Consello Escolar Municipal (CEMV) ás seguintes persoas":

- ESPERANZA DACOSTA DAPENA, Directora do CEIP San Salvador de Teis, proposta pola Asociación de directores/as de colexios públicos de Vigo (ADICOPUVI).
- CARLOS BACELO BACELO, Director do IES Audiovisual de Vigo, proposto pola Asociación de Directores e Directivos de IES de Galicia (ADDIGA).
- XABIER PÉREZ IGREXAS, representante das centrais sindicais, non vinculado ao ámbito educativo, proposto polos sindicatos máis representativos.
- JOSÉ LUIS SANZ ESCRIBANO, representante de asociacións de empresarios/as, non vinculado ao sector educativo, proposto pola Confederación de Empresarios/as de Vigo.
- JAVIER SÁNCHEZ ÁLVAREZ, representante das asociacións de persoas con discapacidade, proposto por CERMI-GALICIA (Confederación de representantes de federacións de discapacitados de Galicia).
- JOSE ÁLVAREZ CARPINTERO, representante de centros privados, proposto pola Asociación provincial de centros de ensinanza non estatal de Pontevedra.
- ANTONIO VÁZQUEZ VÁZQUEZ, especialista de recoñecido prestixio en temas educativos, proposto polo Excmo. Sr. Alcalde.
- MARÍA PÉREZ GONZÁLEZ, representante das AA.VV. de Vigo, proposta pola Federación Veciñal "Eduardo Chao".
- ISABEL LÓPEZ LORENZO, representante do Consello Municipal da Muller, proposta polo Consello Municipal da Muller.
- CÁNDIDO CABALEIRO PAZ, Director da Escola Municipal de Música, representante dos Centros Públicos de Ensinanzas Artísticas, regradas ou non regradas, proposto polos seus directores/as.

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e praxe do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo a once de setembro do ano dous mil quince.

Am

Vº e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.



14

EXPEDIENTE: 17221 / 332

ASUNTO: NOMEAMENTO SECRETARIO DO
CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV)**DECRETO**

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85), Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, Decreto de Delegación de Alcaldía da Presidencia do CEMV de data 26/07/15, e acordo do Pleno da Excma. Corporación de 8 de Setembro de 2015 no que se recolle a resolución na que o Sr. Alcalde delega a Presidencia do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).

RESOLVO:

1.- Nomear a D. PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, Secretario do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV), de acordo co artigo 12. 1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do mesmo, que foi aprobado polo Pleno da Excma. Corporación en data 25 de xaneiro de 2010.

2.- Nomear a D. IGNACIO OJEA PÉREZ, Secretario sustituto do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV), de acordo co artigo 12.3 do Regulamento de organización e funcionamento do mesmo, que foi aprobado polo Pleno da Excma. Corporación en data 25 de xaneiro de 2010.

3.- Da presente resolución deberá darse conta ao Pleno do Consello Escolar Municipal e demais interesados.

PV/mf

Vigo, 23 de Setembro de 2015

A CONCELLEIRA-DELEGADA DE
EDUCACION E PRESIDENTA DO CEMV

Asdo.: Olga Alonso Suárez



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 25/09/2015 10:18 Páxina 1 de 1

Expediente 17221/332

Código de verificación: 2BEC3-8EDB3-A5BBD-B3C2A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>